



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

IX lexislatura
Número 671
6 de xullo de 2016

Fascículo 1



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia [155961](#)

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre o Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo [155966](#)

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo

- G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 51863) [155978](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 51855) [155979](#)
- G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 51848) [155980](#)

Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de xullo do 2016, polo que se acorda elevar ao Pleno a proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (doc. núm. 51779, 09/PL-000041) [155981](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 1 de xullo de 2016, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 50594 (09/PL-000037)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia

BOPG nº 645, do 18.05.2016

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 1 de xullo de 2016, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o Proxecto de lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Texto articulado

Exposición de motivos.

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire, no

marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia ditou, en virtude da devandita competencia, a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 14, a constitución dun novo colexio profesional por fusión de dous ou máis colexios correspondentes a distintas profesións farase por lei do Parlamento de Galicia.

Pola súa banda, a Lei 30/2011, do 4 de outubro, sobre a creación do Consello Xeral de Economistas (unificación das organizacións colexiais de economistas e de titulares mercantís), creou o Consello Xeral de Economistas, que representa todos os colexios de economistas, así como os de titulares mercantís que ata agora pertencían ao Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e ao Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España, respectivamente.

O Consello Xeral de Economistas representará, así mesmo, nos ámbitos estatal e internacional, os intereses dos e das economistas e titulares mercantís, e no artigo 3.1 da Lei 30/2011 establécese que a unificación dos colexios de economistas e dos colexios oficiais de titulares mercantís se rexerá polo disposto na lexislación estatal ou autonómica aplicable sobre colexios profesionais a que estean suxeitos, e establécese tamén no artigo 3.3 da devandita lei que o Consello Xeral de Economistas instará e apoiará os colexios de economistas e os de titulares mercantís para iniciaren e desenvolveren os seus procesos de unificación.

Neste contexto, os respectivos colexios de economistas e de titulares mercantís existentes na Comunidade Autónoma de Galicia solicitaron a fusión de ambas as corporacións a nivel provincial, mediante a creación de catro colexios provinciais de economistas, e o Consello Galego de Economistas mantén a súa personalidade xurídica e asume as funcións de representación dos colexios resultantes da fusión.

As razóns que xustifican esta unificación baséanse en criterios de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos que deben cumprir como corporacións de dereito público, tanto en relación coa defensa dos intereses das persoas colexiadas como das persoas consumidoras e usuarias, á vez que favorece a interlocución coas administracións públicas, co sector empresarial e coa sociedade no seu conxunto, promovendo unha mellor ordenación das actividades de servizos e o desenvolvemento da economía en xeral.

En consecuencia, de acordo co disposto na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, procédese mediante esta lei á creación de catro colexios provinciais de economistas, por fusión das organizacións colexiais profesionais de economistas e de titulares mercantís da Comunidade Autónoma de Galicia.

A lei consta dunha exposición de motivos, seis artigos relativos á creación e ao ámbito territorial, á estrutura, ao ámbito persoal, ás relacións coa Administración da Comunidade Autónoma de Ga-

licia, á igualdade de xénero e composición equilibrada e ao uso do galego, catro disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

O anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Artigo 1. *Creación e ámbito territorial*

1. Mediante fusión das organizacións colexiais profesionais de economistas e de titulares mercantís da Comunidade Autónoma de Galicia créanse os seguintes colexios con ámbito territorial provincial:

- Colexio de Economistas da Coruña, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís da Coruña e do Colexio de Economistas da Coruña
- Colexio de Economistas de Lugo, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís de Lugo e do Colexio de Economistas de Lugo
- Colexio de Economistas de Ourense, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís de Ourense e do Colexio de Economistas de Ourense
- Colexio de Economistas de Pontevedra, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís de Vigo, do Colexio de Titulares Mercantís de Pontevedra e do Colexio de Economistas de Pontevedra.

2. Os colexios resultantes da fusión, como corporacións de dereito público, terán personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins de acordo coa lei, e exercerán as súas funcións dentro do ámbito territorial de cada unha das provincias correspondente á súa denominación.

Artigo 1 *bis*). *Estrutura*

A súa estrutura interna e funcionamento serán democráticos e rexeranse nas súas actuacións pola lexislación básica do Estado, pola Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, pola presente lei, polos seus propios estatutos e polas demais normas internas que aproben os colexios.

Artigo 2. *Ámbito persoal*

1. Os colexios de economistas da Coruña, de Lugo, de Ourense e de Pontevedra creados por fusión estarán integrados por todas as persoas colexiadas pertencentes aos colexios fusionados, así como polas que con posterioridade sexan incorporadas ao correspondente colexio, por reúnen os requisitos exixidos para a súa colexiación e dispoñeren da titulación que lles permitise colexiarse en calquera das dúas organizacións colexiais que se unifican, a de economistas ou a de titulares mercantís.

2. Poderán ser colexiados e colexiadas:

a) Ademais dos titulados comprendidos no Real decreto 871/1977, do 26 de abril, os licenciados en Economía, en Administración e Dirección de Empresas, licenciados ou diplomados en Cien-

cias Empresariais, licenciados en Ciencias Actuariais e Financeiras e licenciados en Investigación e Técnicas de Mercado, as persoas que pola adecuación destes estudos universitarios ao novo Espazo Europeo de Educación Superior teñan a titulación de grao ou máster e cumpran os requisitos recollidos no artigo 9 e seguintes do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Tamén se poderán colexiar no futuro aquelas persoas que posúan calquera outro título universitario oficial no campo da economía ou da empresa.

b) Todos os colexiados terán os mesmos dereitos e obrigas colexiais, sen prexuízo do establecido nas normas reguladoras das distintas profesións.

b bis) A incorporación aos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia será voluntaria, sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación básica do Estado.

Artigo 3. *Relacións coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*

Os colexios de economistas e o Consello Galego de Colexios de Economistas da Comunidade Autónoma de Galicia relacionaranse coa Administración autonómica a través da consellaría que teña atribuídas as competencias en materia de colexios profesionais e, no relativo ao contido da profesión, coas consellarías competentes por razón da actividade profesional.

Artigo 3 bis). *Igualdade de xénero e composición equilibrada.*

1. Os estatutos dos colexios ou calquera outra norma orzganizadora de réxime interno non poderán conter ningunha disposición que supoña discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, ou desigualdade de trato, de oportunidades ou dereitos e deberes entre mulleres e homes colexiados. O principio de igualdade entre mulleres e homes e a prohibición de calquera forma de discriminación entre eles serán instrumentos xurídicos para ter en conta na interpretación dos estatutos e demais normas internas de organización que aproben os colexios."

2. Terase por non posta calquera disposición e por nulo calquera acordo dos órganos de goberno dos colexios que vulneren o establecido no punto anterior ou calquera principio ou disposición contidos na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3. Os estatutos definitivos asegurarán a composición o máis paritaria posible nos órganos colexiados de goberno e responsabilidade dos colexios, sen que en ningún caso se poida superar por un dos sexos a porcentaxe do 60 %.

Artigo 4. *Uso do galego nas comunicacións*

Os colexios e o Consello Galego de Colexios de Economistas procurarán e fomentarán o uso do galego en todas as súas comunicacións, tanto internas coma externas, segundo o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e na regulación de normalización lingüística.

Disposición transitoria primeira. *Comisión Xestora*

1. A fusión aprobada polas asembleas dos colexios de titulares mercantís e de economistas a nivel provincial rexeráse polos acordos adoptados polas respectivas asembleas xerais dos colexios promotores da fusión, protocolizados en escrituras públicas, nos cales se designará a Comisión Xestora formada por nove membros, nomeados un por cada un dos colexios obxecto de fusión.

2. Na designación das persoas integrantes da Comisión Xestora procurárase acadar unha composición equilibrada de mulleres e homes.

3. A Comisión Xestora exercerá as funcións de impulso e coordinación do proceso de unificación nas catro provincias, garantindo que se realice de forma paralela e simultánea, e asumirá as funcións das comisións de tramitación constituídas a nivel provincial no caso de que estas non acadasen a materialización dos acordos adoptados.

4. A Comisión Xestora actuará como un órgano colexiado, tomará as súas decisións por maioría de dous terzos e elixirá de entre os seus membros a persoa titular da presidencia e da secretaría da Comisión.

5. A Comisión Xestora, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, presentará os estatutos provisionais para cada un dos colexios resultantes da fusión, nos cales se regularán a composición e o funcionamento da asemblea colexial constituínte e a forma de designación dos órganos de goberno e as súas funcións. Os estatutos provisionais remitiranse á consellaría da Xunta de Galicia competente, para efectos de verificar a súa adecuación á legalidade e ordenar, de ser o caso, a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición transitoria segunda. *Constitución dos colexios de economistas*

1. No prazo de dous meses desde a publicación dos estatutos provisionais convocaranse as asembleas constituíntes dos catro colexios resultantes da fusión, nas cales se procederá á aprobación dos estatutos definitivos e á elección dos membros dos respectivos órganos de goberno de cada un dos colexios.

2. Os colexios de economistas da Coruña, de Lugo, de Ourense e de Pontevedra quedarán formalmente constituídos e adquirirán personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constituán os seus respectivos órganos de goberno, momento en que quedarán disoltos os colexios promotores da fusión.

3. Os estatutos definitivos, xunto coa certificación da acta da reunión das correspondentes asembleas constituíntes, serán presentados ante a consellaría competente en materia de colexios profesionais, para a verificación da súa legalidade, aprobación definitiva e inscrición no Rexistro de Colexios, de conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 11/2001, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición transitoria terceira. *Subrogación*

Os colexios resultantes da fusión subróganse en todos os dereitos e obrigas dos colexios promotores da fusión.

Disposición transitoria cuarta. *Consello Galego de Colexios de Economistas*

Unha vez constituídos formalmente os novos colexios de economistas da Coruña, de Lugo, de Ourense e de Pontevedra, integranse no Consello Galego de Colexios de Economistas.

O Consello Galego de Colexios de Economistas, creado polo Decreto 89/2008, do 17 de abril, no prazo de seis meses desde a toma de posesión dos órganos de goberno dos colexios provinciais procederá á modificación dos seus estatutos e da composición da súa xunta de goberno, co obxecto de adaptarse á nova estrutura colexial.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2016

Agustín Baamonde Díaz

Presidente da Comisión

Ricardo Vicente Docasar Docasar

Secretario da Comisión

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre o proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 1 de xullo de 2016, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 50595 (09/PL-000038)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo
BOPG nº 645, do 18.05.2016

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre o proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 1 de xullo de 2016, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Exposición de motivos

I

O 10 de abril do ano 2012, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo. O dito texto daba cumprimento a unha reivindicación histórica dos concellos da área de influencia da cidade máis poboada de Galicia: a creación dunha entidade local supramunicipal coa capacidade de xestionar aqueles servizos públicos que a propia realidade social, demográfica e económica dos concellos integrantes recomenda planificar e prestar de xeito coordinado en todo o territorio metropolitano.

Porén, a entrada en vigor da Lei 4/2012, do 12 de abril, non se correspondeu cunha posta en marcha inmediata do ente metropolitano, polo que se fixo necesaria a busca dun consenso reforzado entre as institucións involucradas para garantir o seu arranque efectivo.

Coa vontade de chegar a un acordo, a Xunta de Galicia puxo en marcha desde mediados do ano 2015 un proceso de diálogo que a levou a recoller as impresións dos gobernos municipais e dos grupos da oposición dos catorce concellos que integraron de xeito inicial esta área. Ás ditas reunións bilaterais sucedéronlles ata tres reunións multilaterais entre o Goberno autonómico e as catorce persoas titulares das alcaldías dos concellos da Área, ademais de varias reunións desenvolvidas entre os propios concellos. O proceso frutificou finalmente co acordo acadado en Vigo na reunión que tivo lugar o 22 de febreiro de 2016.

II

Esta lei recolle as conclusións acadadas naquel acordo e garante un consenso reforzado sobre os eixes fundamentais do funcionamento da Área. Deste xeito, refórmase a Lei 4/2012, do 12 de abril, principalmente en dous aspectos concretos: o modelo de gobernanza e as atribucións competenciais.

No tocante ao modelo de gobernanza, o cambio fundamental é a adopción dun sistema de voto ponderado na Xunta de Goberno Metropolitana, o que se traduce en que o peso na toma de decisións neste órgano por parte de cada alcalde ou alcaldesa será correlativo ao peso poboacional do concello respectivo. Como mecanismo corrector que evite eventuais abusos de poder por parte dos municipios máis poboados, exíxese de xeito complementario que os acordos da Xunta de Goberno deberán ser adoptados co voto favorable de, cando menos, os alcaldes ou as alcaldesas de catro concellos.

Outro cambio na gobernanza afecta as vicepresidencias da Área, que pasan a ser catro e que deberán garantir a pluralidade territorial e política, así como a paridade entre homes e mulleres.

Tamén se ve afectado pola reforma o artigo regulador da Comisión de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Área Metropolitana de Vigo, órgano de coordinación interadministrativa nestas materias. A persoa titular da presidencia da Área pasa a ocupar a vicepresidencia desta comisión.

Por último, o mecanismo flexible que a Lei 4/2012, do 12 de abril, prevé para a incorporación de novos concellos vese complementado con outro mecanismo flexible para eventuais

saídas dos municipios integrantes. Así, introdúcese dúas novas disposicións adicionais que habilitan os concellos membros para suspenderen as súas achegas económicas á Área e, eventualmente, para a abandonaren cando constaten que non se adheriron a ningún dos servizos metropolitanos.

No que respecta ao alcance e financiamento das competencias da Área Metropolitana, a modificación legal inclúe dúas novidades substanciais:

En primeiro lugar, prevese un mecanismo áxil e efectivo para a asunción do exercicio das funcións e dos servizos correspondentes ás competencias oportunas que vén exercendo a Deputación Provincial de Pontevedra, que se une ao xa previsto para as cesións que teñan que facer a Comunidade Autónoma e os propios concellos, garantindo que as achegas económicas que comporte a dita cesión teñan unha base obxectiva.

E, en segundo lugar, modifícase o artigo 21 da Lei 4/2012, do 12 de abril, relativo ás competencias da Área en materia de transporte público de viaxeiros. Facúltase a Área Metropolitana de Vigo para establecer os criterios de coordinación entre o transporte metropolitano xestionado por ela e os transportes urbanos xestionados por concellos integrados nela.

Para isto, créase un comité de coordinación integrado por unha persoa representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma, outra persoa representante dos concellos da Área con transporte urbano e outra dos concellos carentes del. Non obstante, poderán participar nas súas reunións, con voz pero sen voto, persoas representantes de cada un dos concellos que integren a Área.

As propostas deste comité deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Metropolitana e o plan de explotación do transporte metropolitano deberá ser aprobado pola Asemblea Metropolitana.

Tamén se modifican os artigos 2.3, 21.1, letra e), e engádese no artigo 33 una nova letra k *bis*). Engádese una nova sección «Cohesión social e territorial» cun novo artigo 32 *bis*. E introdúcese dúas novas disposicións transitorias relativas á extinción dos contratos de servizo público de transporte existentes e ao réxime das novas incorporacións de concellos ao ámbito da Área Metropolitana.

Finalmente, engádese unha nova disposición adicional, a décimo primeira, coa finalidade de garantir o exercicio coordinado das competencias previstas en materia de transporte metropolitano desde o inicio, e condiciónase a efectiva posta en funcionamento da Área Metropolitana de Vigo á incorporación do Concello de Vigo ao Plan de transporte metropolitano de Galicia.

III

A lei estrutúrase nun artigo único, cun total de trece puntos, a través dos cales se efectúan modificacións no texto da Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo. E finaliza cunha disposición derradeira única que sinala a súa entrada en vigor.

Artigo único. *Modificación da Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo*

A Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, queda modificada como segue:

Cero. O número 3 do artigo 2 queda redactado como segue:

«3. A Área Metropolitana de Vigo terá a súa capitalidade no municipio de Vigo. A cidade de Vigo, como capital da Área Metropolitana, terá un tratamento propio na dotación de servizos públicos da Administración central, autonómica e provincial similar ao dunha capital de provincia.»

Un. O número 2 do artigo 3 queda redactado como segue:

«2. A organización básica do goberno e da administración da Área Metropolitana de Vigo está determinada pola seguinte estrutura:

- a) A Asemblea Metropolitana.
- b) A presidenta ou o presidente e catro vicepresidentas ou vicepresidentes.
- c) A Xunta de Goberno Metropolitana.
- d) O Comité de Cooperación.
- e) A Comisión Especial de Contas.»

Dous. A letra t) do número 1 do artigo 8 queda redactada como segue e engádese nel unha nova letra z) co seguinte contido :

«t) A iniciativa, a elaboración, o impulso e a aprobación inicial do plan de explotación de transporte metropolitano, coordinado coas actuacións nesta materia promovidas pola Xunta de Galicia.

z) A concertación na prestación de certos servizos en igualdade de obrigas e dereitos con aqueles concellos que, sen pertenceren á Área Metropolitana de Vigo, formen parte da súa área funcional.»

Tres. O número 4 do artigo 10 queda redactado como segue:

«4. A Xunta de Goberno nomeará de entre os seus membros catro vicepresidencias, que substituirán a presidencia, por orde de nomeamento, en caso de vacante, ausencia ou impedimento para o exercicio do cargo.

A proposta das vicepresidencias corresponderalles aos grupos políticos metropolitanos e deberá recoller a pluralidade política e territorial, así como a paridade entre homes e mulleres.»

Catro. Os números 3 e 4 do artigo 11 quedan redactados como segue e engádese unha nova letra l *bis*) no número 4 do artigo 11 co seguinte contido:

«3. O voto de cada membro da Xunta de Goberno será ponderado, en función do número de persoas representantes que cada concello teña na Asemblea Metropolitana.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta do total do voto ponderado, sempre que ademais exista o voto favorable de, cando menos, os alcaldes e as alcaldesas de catro concellos.

4. Á Xunta de Goberno correspóndenlle as seguintes atribucións:

a) A aprobación dos proxectos do regulamento orgánico, dos proxectos de ordenanzas e do proxecto do plan metropolitano cuadrienal e mais a aprobación da proposta do proxecto do plan de explotación do transporte metropolitano, para efectos da súa elevación á Asemblea Metropolitana co obxecto da súa aprobación inicial.

b) A aprobación do proxecto do orzamento.

c) Coordinar as actuacións dos concellos integrados na Área Metropolitana coas demais administracións públicas que incidan na súa demarcación territorial.

d) A autorización, a disposición de gastos e o recoñecemento das obrigas nas materias da súa competencia, e a disposición dos gastos que autorice a Asemblea.

e) As contratacións de toda clase, como órgano de contratación, independentemente da súa contía e do seu número de anualidades, agás as que lles estean expresamente recoñecidas á presidenta ou ao presidente e á Asemblea Metropolitana nesta lei e na normativa de réxime local.

f) As concesións de toda clase, así como a xestión, a adquisición e o alleamento do patrimonio.

g) O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia.

h) Exercer a potestade sancionadora, salvo que por lei estea atribuída a outro órgano.

i) A aprobación da relación de postos de traballo, das retribucións do persoal de acordo co orzamento aprobado pola Asemblea Metropolitana, da oferta de emprego público, das bases das convocatorias de selección e provisión dos postos de traballo, do nomeamento do persoal directivo e da separación do servizo das funcionarias e dos funcionarios da Área Metropolitana, do despedimento do persoal laboral, do réxime disciplinario e das demais en materia de persoal que non lle estean expresamente atribuídas a outro órgano.

j) Aprobar as propostas elaboradas polo Comité de Coordinación do Transporte Metropolitano.

k) Exercer as competencias que lle sexan delegadas pola Asemblea Metropolitana ou pola presidenta ou o presidente.

l) Nomear de entre os seus membros catro vicepresidentas ou vicepresidentes.

l bis) Realizar control permanente dos servizos públicos que foron obxecto de concesión ou de xestión directa, así como do cumprimento dos seus pregos.

m) As demais que lle correspondan de acordo coas disposicións legais vixentes.»

Catro *bis*. Débese engadir no número 1 do artigo 13 o seguinte:

«Garantírase, polo menos, unha persoa representante de cada grupo político, nos termos recollidos na Lei de bases de réxime local.»

Cinco. O artigo 21 queda redactado como segue:

«1. A Área Metropolitana de Vigo, neste ámbito competencial, exercerá as seguintes funcións:

a) Ordenar, xestionar, planificar, inspeccionar e sancionar os servizos de transporte público regular de viaxeiros e viaxeiras de carácter interurbano que atendan exclusivamente tráfico no ámbito da Área Metropolitana de Vigo. Estas facultades exerceranse de conformidade coa lexislación sectorial que resulte aplicable e sen prexuízo das facultades que corresponden á Administración autonómica e a outras administracións respecto do sistema xeral de transportes.

b) Ordenar e intervir administrativamente os servizos de transporte marítimo de persoas con orixe e destino nos municipios da Área Metropolitana, de conformidade co disposto na lexislación vixente.

c) Ordenar e intervir administrativamente o servizo de taxi no ámbito territorial da Área Metropolitana no marco establecido pola regulación do transporte público de persoas en vehículos turismo.

d) Establecer os criterios de coordinación entre os servizos de transporte público de viaxeiros e viaxeiras de carácter interurbano da súa competencia e os servizos de transporte urbano que operen en territorio metropolitano.

e) Intervir, como tal Área Metropolitana, na coordinación, no territorio da área, dos transportes ferroviario e aéreo, nos termos e co alcance previstos na normativa xeral que resulte aplicable e nas disposicións que emanen das administracións titulares destas liñas de transporte.

2. Con independencia da asunción progresiva das liñas de transporte terrestre, de acordo co sinalado na disposición transitoria cuarta, a Área Metropolitana de Vigo procederá á elaboración dun plan de explotación do transporte metropolitano, que será tramitado e aprobado segundo o previsto na Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos por estrada de Galicia, e que integrará as previsións do Plan de transporte metropolitano de Galicia.

Para estes efectos, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dotará o plan das axudas económicas necesarias consonte os criterios seguidos con todas as áreas de transporte integradas no Plan de transporte metropolitano de Galicia.

3. A coordinación dos servizos de transporte público de viaxeiros e viaxeiras que operen en territorio metropolitano, e sobre os cales teñan competencias a Área e os concellos integrados nela, exercerase nos seguintes termos:

a) Constituirase o Comité de Coordinación do Transporte Metropolitano como órgano colexiado adscrito á Área Metropolitana, que formulará propostas de coordinación dos servizos de transporte metropolitano de viaxeiros e viaxeiras por estrada e de ría, transferidos á Área Metropolitana, e do transporte urbano dos concellos integrantes da Área Metropolitana.

b) O Comité de Coordinación do Transporte Metropolitano estará constituído por unha persoa representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma, unha persoa representante dos concellos integrantes da Área Metropolitana que non presten servizos de transporte urbano e unha persoa representante dos concellos metropolitanos que presten servizos de transporte urbano.

Poderanse incorporar ao Comité de Coordinación do Transporte Metropolitano, con voz e sen voto, as persoas representantes de organismos con competencia sobre transportes públicos que operen no territorio metropolitano e sexan susceptibles de coordinación co transporte metropolitano, e nomeadamente unha persoa representante da cada concello metropolitano.

4. O Comité de Coordinación do Transporte Metropolitano exercerá as seguintes funcións:

a) Elaborar a proposta de coordinación das rutas, as frecuencias, os horarios e as paradas entre autobuses urbanos, interurbanos e transporte de ría metropolitano, así como a súa interconexión con outros medios de transporte.

b) Elaborar a proposta de determinación das condicións de penetrabilidade do transporte interurbano nos sistemas de transporte urbano, que se deberán incorporar nos pregos de condicións para a contratación de transporte urbano de concellos membros da Área Metropolitana de Vigo.

c) Elaborar a proposta de determinación das condicións de penetrabilidade do transporte urbano nos sistemas de transporte interurbano, que se deberán incorporar nos pregos de condicións para a contratación de transporte interurbano da Área Metropolitana de Vigo.

d) Diseñar e elaborar a proposta do plan de coordinación dos sistemas tarifarios e de billete de viaxe integrado do transporte público de viaxeiros e viaxeiras que se desenvolva na Área Metropolitana de Vigo.

Os títulos de viaxes das liñas interurbanas de carácter xeral serán accesibles a todas as persoas usuarias, sen discriminación por empadramento, agás bonificacións sociais dirixidas a colectivos específicos.

e) Elaborar a proposta de calendario e as accións encamiñadas ao establecemento do billete integrado no transporte público de viaxeiros e viaxeiras que se desenvolva na Área Metropolitana de Vigo.

f) Elaborar a proposta de coordinación e garantía de compatibilidade do medio de pagamento co do resto de áreas de transporte metropolitano de Galicia.

5. Este comité reunirse cada seis meses ou en calquera momento por solicitude de calquera dos seus membros.

6. As propostas do Comité de Coordinación do Transporte Metropolitano serán elevadas, para a súa aprobación, aos órganos de goberno metropolitano competentes.»

Seis. O número 2 do artigo 31 queda redactado como segue:

«2. A presidencia da Comisión de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Área Metropolitana de Vigo corresponderalle á persoa titular da consellaría competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo ou á persoa en quen delegue. A vicepresidencia corresponderalle a quen sexa titular da presidencia da Área Metropolitana. Esta comisión estará integrada por vinte membros, ademais da presidenta ou do presidente da Comisión, dez en representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dez en representación da Área Metropolitana de Vigo, cinco dos cales serán elixidos polo Concello de Vigo en proporción ao número de concelleiras ou concelleiros que teña cada grupo político no Pleno. Entre estes dez vogais inclúese o vicepresidente ou a vicepresidenta.»

Seis *bis*. Débese crear unha nova sección décima no capítulo III, «Potestades e competencias», co seguinte contido:

«*Sección 10ª. Programas de cohesión social e territorial*

Artigo 32 *bis*

Planificar e avaliar programas que permitan, desde as políticas sociais públicas, e coa participación dos axentes sociais, reducir a desigualdade interterritorial e que contribúan a mellorar as garantías de protección e atención social dos veciños e das veciñas da Área Metropolitana.»

Seis *ter*. Engádese unha nova letra *k bis*) no número 1 do artigo 33, que queda redactada co seguinte contido:

«*k bis*) Participación nos tributos do Estado e da Xunta de Galicia, nos termos que acorden a Comisión Nacional de Administración Local e a Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Administración Local, respectivamente, sen que en ningún caso esta última supoña a alteración do coeficiente global de participación das administracións locais nos ingresos da Comunidade Autónoma.»

Sete. Suprímese a letra *d*) do número 1 do artigo 34.

Oito. A disposición adicional sexta queda redactada como segue:

«1. Cando se trate de competencias da Deputación, dos concellos ou doutras entidades locais atribuídas por esta lei á Área Metropolitana de Vigo, constituirase para cada entidade local unha comisión paritaria mixta, integrada por tres persoas representantes do respectivo ente, elixidas polo Pleno ou por un órgano equivalente, e outras tres da Área Metropolitana, elixidas pola Asemblea Metropolitana.

2. A Comisión será presidida pola presidenta ou o presidente da Área Metropolitana de Vigo, e formarán parte dela as dúas persoas representantes metropolitanas elixidas pola Asemblea Me-

tropolitana. As persoas representantes do concello serán elixidas polo Pleno, e as alcaldes ou os alcaldes serán sempre membros natos da Comisión.

3. A materialización do traspaso das competencias das entidades locais realizarase nos termos establecidos nas dúas disposicións anteriores, así como na normativa autonómica vixente, e requirirá a aprobación, tanto por parte do órgano competente da corporación local –segundo o establecido na lexislación básica de réxime local– coma por parte da Asemblea Metropolitana, das propostas consensuadas nas comisións mixtas paritarias.

4. No ámbito territorial da Área Metropolitana de Vigo, este ente asumirá o exercicio das funcións e dos servizos correspondentes ás competencias previstas nesta lei que viñan sendo exercidas pola Deputación Provincial, con pleno respecto ao núcleo esencial da autonomía provincial.

Para estes efectos, a Deputación Provincial cederá, logo de acordo, as funcións e os servizos correspondentes ás competencias previstas nesta lei en favor da Área Metropolitana de Vigo, para a súa xestión dentro do ámbito territorial dos concellos integrantes, así como os recursos materiais, persoais e financeiros necesarios para a súa execución, que deberán ser acordados na Comisión Mixta Paritaria.

5. As achegas económicas municipais que comporten os servizos traspasados serán calculadas atendendo as premisas de racionalidade e de non incremento do gasto público e determinadas, en todo caso, polo custo efectivo neto.»

Oito *bis*. Modifícase o segundo parágrafo da disposición adicional oitava, que queda redactado co seguinte contido:

«A ampliación establecida nesta disposición seralles aplicable a aqueles concellos limítrofes con algún outro que xa forme parte da Área Metropolitana cuxos núcleos de poboación teñan vinculacións económicas e sociais que fagan precisas a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras para garantir a súa prestación integral e adecuada no ámbito de todo o territorio, así como para acadar a eficacia dos investimentos públicos.

Polo tanto, no caso de que a solicitude dun concello se refira a un novo ingreso, deberán concorrer as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.»

Nove. Engádesse unha nova disposición adicional novena co seguinte contido:

«Disposición adicional novena. *Suspensión de obrigas económicas*

1. Logo de transcorrer dous anos desde a súa incorporación á Área Metropolitana, e sempre que non se materializase a adhesión a ningún dos servizos públicos prestados polo organismo metropolitano, o concello, logo de acordo por maioría absoluta do Pleno da corporación municipal, poderá suspender durante dous anos o cumprimento das súas obrigas económicas.

2. A Xunta de Goberno Metropolitana tomará razón do acordo municipal e declarará a suspensión do dereito de voto do representante do concello solicitante por idéntico prazo.»

Dez. Engádesse unha nova disposición adicional décima co seguinte contido:

«Disposición adicional décima. *Abandono da Área Metropolitana*

1. Ao finalizar o período de suspensión previsto na disposición adicional novena, o concello, logo de acordo por maioría absoluta do Pleno da corporación municipal, deberá comunicar á Xunta de Goberno Metropolitana a decisión de reincorporarse como membro de pleno dereito ou solicitar o abandono da Área Metropolitana definitivamente.

2. O abandono será aceptado polo Consello da Xunta de Galicia, no prazo de seis meses, mediante decreto en que se alterará o ámbito territorial da Área Metropolitana e que se ditará logo do trámite de audiencia previsto na disposición adicional oitava.

3. Mentres non se aprobe o decreto a que se refire o parágrafo anterior, o concello continuará na situación prevista na disposición adicional novena.

Once. Engádesse unha nova disposición adicional décimo primeira co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo primeira. *Efectiva posta en funcionamento da Área Metropolitana de Vigo*

1. A efectiva posta en funcionamento da Área Metropolitana de Vigo requirirá a previa integración efectiva do transporte urbano de Vigo no Plan de transporte metropolitano de Galicia, logo da formalización do correspondente convenio de adhesión entre a Xunta de Galicia e o concello. Esta incorporación realizarase nas mesmas condicións ca o resto dos concellos galegos adheridos ao plan, garantindo a igualdade de tratamento de todas as persoas usuarias.

2. Esta incorporación non supoñerá ningún incremento na achega prevista no Plan de transporte metropolitano de Galicia para a Xunta de Galicia ou para os outros concellos, nin ningunha limitación ao número de persoas usuarias»

Doce. Engádesse unha nova disposición transitoria cuarta co seguinte contido:

«Disposición transitoria cuarta. *Extinción dos contratos existentes*

A extinción progresiva dos contratos de xestión de servizos de transporte público regular de viaxeiros e viaxeiras que non atendan exclusivamente tráfico en territorio da Área Metropolitana de Vigo determinará a asunción por esta das competencias establecidas no artigo 21.1, respecto do territorio metropolitano. A Xunta de Galicia conservará as competencias sobre o territorio non metropolitano, sen prexuízo da necesaria coordinación.»

Trece. Engádesse unha nova disposición transitoria quinta co seguinte contido:

«Disposición transitoria quinta. *Réxime das novas incorporacións*

Ata que a Área Metropolitana de Vigo proceda á elaboración e aprobación do plan de explotación do transporte metropolitano previsto no artigo 21.2, os concellos que se adhiran á Área Metro-

litana con posterioridade á entrada en vigor desta lei deberán incorporarse, con carácter inmediato, ao Plan de transporte metropolitano de Galicia.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2016

Agustín Baamonde Díaz

Presidente da Comisión

Ricardo Vicente Docasar Docasar

Secretario da Comisión

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo

- 50595 (09/PL-000038)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo
BOPG nº 645, do 18.05.2016

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:

— G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 51863)

— G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 51855)

— G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 51848)

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de xullo do 2016, polo que se acorda elevar ao Pleno a proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (doc. núm. 51779, 09/PL-000041)

A Mesa do Parlamento de Galicia, na reunión do día 5 de xullo de 2016, acordou a admisión a trámite polo procedemento de urxencia do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia, e o seu traslado á Xunta de Portavoces.

Logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, na reunión do 5 de xullo de 2016, a Mesa adoptou o seguinte acordo:

1º. Propoñerlle ao Pleno, na sesión prevista para o día 12 de xullo de 2016, que se tramite polo procedemento especial de lectura única o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

2º. Abrir un prazo de presentación de emendas á totalidade ata o día 11 de xullo de 2016, ás 14.00 horas.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que **mantén, para a súa defensa en Pleno**, todas as emendas, presentadas ao Proxecto de lei de de modificación da Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, agás as aprobadas ou transaccionadas (09/PL-000038, doc. núm. 50595).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 1 de xullo de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/07/2016 13:11:40



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara MANTÉN, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo** [doc. núm. **50595 (09/PL-000038)**], que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2016

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 01/07/2016 12:29:38

Ana Belén Pontón Mondelo na data 01/07/2016 12:29:44

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da **ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, mantén, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, doc. núm. 50595 (09/PL-000038)**, que non foron incorporadas ao Ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García



Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 01/07/2016 12:18:22



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
 E XUSTIZA
 Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



AG/mv

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia, polo procedemento de tramitación en lectura única, de conformidade co disposto no artigo 134 do Regulamento da Cámara, e de ser o caso polo procedemento de urxencia establecido no artigo 98.1 do citado Regulamento, achégolle o "**Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 23 de xuño de 2016.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
 e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,


CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de xuño de dous mil dezaseis adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia coa solicitude da súa tramitación en lectura única, de conformidade co disposto no artigo 134 do Regulamento da Cámara e, de ser o caso, polo procedemento de urxencia establecido no artigo 98.1 do devandito Regulamento”.

E para que conste asino a presente certificación, co Visto e Prace do Sr. Presidente en Santiago de Compostela o vinte e tres de xuño de dous mil dezaseis.

Vº e Prace
O PRESIDENTE





MEMORIA XUSTIFICATIVA DA TRAMITACIÓN URXENTE DO PROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE TERAPEUTAS OCUPACIONAIS DE GALICIA

O proxecto normativo que está a impulsar a Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Pública e Xustiza, como órgano competente en materia de colexios profesionais, responde á necesidade de dar resposta á iniciativa da Asociación Profesional de Terapeutas ocupacionais de Sanidade e Seguridade Social de Galicia, que en representación dos profesionais asociados e outros non asociados, interesan a creación do colexio profesional de referencia

O interese xeral que concorre na creación deste colexio profesional fundaméntase na protección efectiva do dereito á saúde, recoñecido no artigo 43 da Constitución, polo que se considera que concorren razóns de interese público que xustifican a creación do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que permita a integración destes profesionais nunha organización capaz de ordenar o exercicio da profesión, someter os profesionais a unhas normas deontolóxicas e de control comúns e, en definitiva, protexer os intereses dos consumidores e usuarios dos servizos prestados polos profesionais no desenvolvemento da súa actividade.

Existen actualmente colexios profesionais de Terapeutas Ocupacionais nas seguintes Comunidades Autónomas: Aragón, Baleares, Cataluña, Castela-León, Castela-A Mancha, Extremadura, Navarra, Murcia, País Vasco, Valencia, La Rioja e Asturias.

Todos os colexios profesionais de España se agrupan a nivel nacional no Consello Xeral de Colegios de Terapeutas Ocupacionais, creado por Lei 24/2014 de 20 de novembro, pola que se crea o Consejo General de Colegios de Terapeutas Ocupacionais

Neste contexto, resulta necesaria a adecuación da estrutura organizativa dos profesionais da terapia ocupacional de Galicia, coas establecidas nas distintas comunidades coas que se relaciona, polo que se fai necesaria a tramitación deste proxecto de Lei.

Corresponde aos poderes públicos, en todo caso, impulsar a execución destes proxectos que sen dúbida contribúen a promover a modernización e competitividade de Galicia e o seu protagonismo no contexto da actual economía de mercado

De acordo co indicado, tendo en conta o avanzado estado temporal no que se atopa a IX lexislatura do Parlamento de Galicia, así como os prazos da necesaria tramitación parlamentaria ata a súa aprobación como lei, é necesario que o proxecto de lei se tramite no Parlamento de Galicia polo trámite de urxencia establecido no artigo 98.1 do Regulamento da Cámara a fin de posibilitar a súa aprobación no vixente período de sesións, coa fin de que o Colexio obxecto de creación poda constituírse no mais breve prazo posible.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2016

A Secretaría Xeral Técnica


Beatriz Guña Barja





XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL
DE TERAPEUTAS OCUPACIONAIS DE GALICIA.

1 



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencias de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire, no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e foi asumida polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia aprobou, en virtude da devandita competencia, a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 11, a creación de colexios profesionais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, farase por lei do Parlamento galego.

Ao abeiro desta normativa, a Asociación Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Sanidad y Seguridad Social de Galicia, con ámbito territorial na Comunidade Autónoma de Galicia, presentou a solicitude de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

O Real decreto 1420/1990, do 4 de xullo, estableceu o título universitario oficial de diplomado/a en Terapia Ocupacional. Pola súa banda, mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades, publicouse o Acordo do Consello de Ministros do 23 de xaneiro de 2009 polo que se establecen as condicións a que se deberán adecuar os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio da profesión regulada de terapeuta ocupacional. No *Boletín Oficial del Estado* do 26 de marzo de 2009 publicouse a Orde CIN/729/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos dos plans de estudos conducentes á obtención dos títulos de grao como título universitario oficial habilitante para o exercicio da profesión de terapeuta ocupacional.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, en relación coas profesións sanitarias tituladas establece, no artigo 2, que son profesións sanitarias tituladas e reguladas aquelas cuxa formación pregraduada ou especializada se dirixe específica e fundamentalmente a dotar as persoas interesadas dos coñecementos, habilidades e actitudes propias da atención da saúde, e que están organizadas en colexios profesionais oficialmente recoñecidos polos poderes públicos, de acordo co previsto na normativa específica aplicable,



XUNTA DE GALICIA

e inclúe expresamente entre as profesións sanitarias de nivel diplomado a profesión de terapeuta ocupacional, para cuxo exercicio habilita o título de diplomado/a en Terapia Ocupacional.

A mesma lei, no artigo 7.2.g), sinala como funcións dos/das terapeutas ocupacionais a aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional que tendan a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas, e a orientar e estimular o desenvolvemento de tales funcións.

O interese público que xustifica a creación deste colexio profesional fundaméntase na protección efectiva do dereito á saúde, recoñecido no artigo 43 da Constitución. Por iso, considérase que concorren razóns de interese público que xustifican a creación do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que permita a integración destes profesionais nunha organización capaz de ordenar o exercicio da profesión, someter aos profesionais a unhas normas deontolóxicas e de control comúns e, en definitiva, protexer os intereses das persoas usuarias dos servizos prestados polos/as profesionais no desenvolvemento da súa actividade.

Polo exposto, e considerando que existen razóns de interese público que xustifican a necesidade e oportunidade de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia, procédese mediante a presente lei á creación do antedito colexio.

A lei consta dunha exposición de motivos; catro artigos titulados - respectivamente- obxecto, ámbito territorial, ámbito persoal, colexiación; unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

O anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

3



XUNTA DE GALICIA

Artigo 1. *Obxecto.*


1. Créase o Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia como corporación de dereito público, con personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.
2. O Colexio terá plena capacidade de obrar desde o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 2. *Ámbito territorial.*

O ámbito de actuación do Colexio é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 3. *Ámbito persoal.*

1. O Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia agrupa os profesionais que estean en posesión do título universitario de Terapeuta Ocupacional, de conformidade co disposto no Real decreto 1420/1990, do 26 de outubro, polo que se establecen o título universitario oficial de diplomado/a en Terapia Ocupacional e as directrices xerais propias dos plan de estudos conducentes á obtención daquel, ou do correspondente título de grao.
2. Igualmente, poderán integrarse no Colexio os profesionais que posúan outro título equivalente debidamente homologado pola autoridade competente.

6



XUNTA DE GALICIA

Artigo 4. *Colexición.*

O exercicio da profesión de terapeuta ocupacional con domicilio profesional único ou principal na Comunidade Autónoma de Galicia requirirá a incorporación ao Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia cando así o estableza unha lei estatal.



XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional única. *Promoción da igualdade de xénero*

No contido dos estatutos aprobados ao abeiro desta lei, terase en conta a perspectiva de xénero e a promoción da igualdade por razón de xénero na profesión de terapeuta ocupacional que, así mesmo, será un principio informador de toda a actividade do colexio.



XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria primeira. *Comisión Xestora*

1. A Asociación Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Sanidad y Seguridad Social designará unha comisión xestora que actuará como órgano de goberno provisional do Colexio coas funcións establecidas na normativa transitoria desta lei.
2. A Comisión Xestora, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, elaborará e aprobará con carácter provisional uns estatutos do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia nos cales se deberán regular a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, na cal terán dereito a participar todos os profesionais que, conforme o disposto na presente lei, poidan adquirir a condición de colexiados. A convocatoria da asemblea constituínte deberá anunciarse, como mínimo, con vinte días de antelación no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión de Galicia.
3. Na composición da Comisión Xestora procurarase unha presenza equilibrada de homes e mulleres.
4. A Comisión Xestora actuará como un órgano colexiado, tomando as súas decisións por maioría de dous terzos, e elixirá de entre os seus membros a persoa titular da presidencia e da secretaría da Comisión.



XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria segunda. *Asemblea constituínte e estatutos definitivos*

1. A Asemblea constituínte, no prazo de seis meses desde a aprobación dos estatutos provisionais, elaborará e aprobará os estatutos definitivos do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia e elixirá os membros dos órganos de goberno colexiais.
2. Os estatutos definitivos, logo de seren aprobados pola asemblea, remitiranse á consellería competente en materia de colexios profesionais para a súa aprobación definitiva, unha vez que sexa verificada a súa adecuación á legalidade, e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN


2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓNS
- 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727